



Transferencia de Crédito 024T/19 (43/19)

Expte. Cividas: 2019025390

Expte. relacionado: 2018016807

TR – 024T/2019

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 24 de xullo (ref: 173/2019), refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda en data 24/07/2019.

Emitido informe de control financeiro pola Intervención Xeral en data 19 de agosto de 2019 (ref: 24T/19), no que informa desfavorablemente a transferencia de crédito nº 24 indicando que “correspondería utilizalo artigo 63 da clasificación económica dos gastos, por estarmos en presenza dun gasto de investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos”.

Emitido informe polo Órgano de Xestión Económica, a solicitude da Sra. Concelleira de Facenda, en data 21/08/2019 (ref: 188/2019), no que indica que a partida recollida no informe-proposta é a que figura na contabilidade municipal creada a partir da modificación Plenaria 6P/2017, se ben indica que “se comparte o criterio manifestado actualmente pola Intervención (no informe de data 19/08/2019) en canto a que é mais axeitado a utilización do artigo 63 da clasificación económica dos gastos, propónse que a partida que recibe crédito que se recolla na resolución de transferencia de crédito sexa a seguinte:

N.110.1621.63300 “Reposición de colectores soterrados” en lugar da 110.1621.62305 “Reposición colectores soterrados” recollida no informe-proposta de data 24/07/2019, mantendo o resto da proposta nos seus exactos termos.”

Sendo, polo tanto, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada de Medio Ambiente, mediante Providencia asinada o 18 de xullo, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 024-T/2019, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 1

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N110.1621.63300	Reposición de colectores soterrados	367.873,16 €
Total Transf. Positivas:		367.873,16 €



B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descripción	Importe
N230.1300.16000	Cota patronal. Seguridade Social Policía Local	367.873,16 €
Total Transf. Negativas:		367.873,16 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e **á Concellería de Medio Ambiente** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

